

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA E O COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DE GALICIA

Santiago de Compostela, a 25 de setembro de 2021

COMPARECEN

Dunha parte, D^a María Rosa Álvarez Prada, Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (en adiante COPG), actuando no seu nome e representación, con CIF Q1500265B, e domicilio en Rúa Espiñeira, nº 10- baixo, 15706. Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Henrique Xoán Rodríguez Pantín, Presidente do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (en adiante COLEF Galicia), actuando no seu nome e representación, con CIF Q-3678001-C, e domicilio en Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n. Edificio FEUGA. Despacho 20. 15705. Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o COPG é unha e Corporación de Dereito Público, que ten como fins principais, entre outros, fomentar a promoción e o desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade, mediante a oferta dunha ampla variedade de servizos e actividades propias, que se proxectan en diferentes ámbitos do servizo colexial: formativos, de investigación e comunicación, publicacións especializadas e asesoramento técnico e profesional, entre outros.

SEGUNDO.- Que o COLEF Galicia é unha entidade que ten entroutros obxectivos “Relacionarse e coordinarse con outros colexios profesionais, así como cos consellos galegos de colexios”; “Organizar actividades e servizos comúns de carácter profesional, cultural, asistencial, de previsión e análogos que sexan de interese para os colexiado/as”; “Lograr a constante mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados, promovendo a formación e o seu perfeccionamento”.

TERCEIRO.- Que tanto COPG como COLEF Galicia están dacordo en establecer unha colaboración nos eidos de interese común, para o que:

CONVEÑEN

Estreitar as súas relacións, xuntar esforzos e establecer normas amplas de actuación que canalicen e incrementen, dentro dun marco preestablecido, os contactos e colaboracións de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- FINALIDADE DO ACORDO MARCO

O obxecto deste acordo é o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre COPG e COLEF Galicia en actividades divulgativas, culturais, científicas, pedagóxicas, de promoción da saúde, de investigación e outras que sexan de interese para as dúas partes.

SEGUNDA.- MODALIDADES DE COLABORACIÓN

- Cooperación no deseño e execución de programas e proxectos de investigación e desenvolvemento.
- Asesoramento mutuo en cuestións relacionadas coa actividade das dúas entidades.
- Organización e execución de actividades comúns que redunden na información e formación profesional, así como na atención e o coidado da saúde da poboación.
- Establecer mecanismos para que persoas colexiadas de ámbalas entidades poidan coñecer mellor aos respectivos colectivos profesionais, para as súas mellores relacións e sinerxias profesionais.
- Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das disponibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente Acordo Marco.

TERCEIRA.- NORMAS DE COLABORACIÓN

As colaboracións derivadas deste Acordo Marco quedarán sometidas ás normas aquí indicadas, á lexislación vixente, á normativa interna de cada institución e a aquelas que se acorden para cada un dos Convenios Específicos, tendo en conta a natureza da colaboración e o centro onde se realice o traballo.

CUARTA.- CONTIDO DOS CONVENIOS ESPECÍFICOS

Cada proxecto e/ou programa de actuación no marco deste Acordo será obxecto dun Convenio Específico que deberá conter os seguintes aspectos:

- Definición do obxectivo que se persegue.
- Descrición do plan de traballo.
- Presuposto total e medios materiais e humanos que requira o citado programa, especificando as aportacións de cada entidade.
- Formas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.
- Consideracións sobre confidencialidade, publicación e explotación de resultados obtidos no desenvolvemento no suposto de proxectos de investigación.
- Nomes das persoas, unha por cada parte, que se designarán por mutuo acordo e se responsabilizarán da marcha do Convenio.

QUINTA.- ESTABLECEMENTO DA COMISIÓN MIXTA

Para facilitar a elaboración dos Convenios Específicos, o seu seguimento e cumprimento, constituirase unha Comisión Mixta integrada por:

- En representación do COPG, o/a Decano/a ou persoas nas que deleguen.
- En representación do COLEF Galicia, o/a Presidente/a ou persoas nas que deleguen.

A Comisión Mixta ditará as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

SEXTA.- FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN MIXTA

Á Comisión Mixta correspóndenlle as seguintes funcións:

- Propor posibilidades de colaboración en temas de interese común.
- Preparar os Convenios Específicos de execución do presente Acordo Marco sobre as materias seleccionadas.
- Elevar as propostas que elabore aos órganos competentes das dúas partes.
- Realizar o seguimento dos Convenios Específicos que se subscriban, así como clarear e decidir cantas dúbidas poidan xurdir na súa interpretación e execución.

SÉTIMA.- EQUIPAMENTO

Os bens aportados por unha parte nun proxecto común serán sempre da súa propiedade. A propiedade de bens inmoables ou equipos adquiridos o construídos no marco dun proxecto común determinarase, en cada caso, no Convenio Específico correspondente.

OITAVA.- FINANCIAMENTO

A subscrición do presente acordo marco non comporta obrigas económicas para ningunha das partes. Para a realización das diferentes actividades estipularase a contribución económica que, dentro das súas dispoñibilidades, cada institución poida aportar. Así mesmo, xestionarán conxuntamente a captación de recursos doutras entidades.

NOVENA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

O presente Acordo Marco entrará en vigor no momento da súa sinatura e a súa vixencia será prorrogado anualmente de xeito automático.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN E RESCISIÓN

As partes poderán modificar ou denunciar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, á súa vez, denunciar o acordo comunicándoo por escrito á outra parte con 1 mes de antelación á data na que o vaia dar por rematado. Nos dous casos deberanse rematar as tarefas dos Convenios Específicos que estean vixentes.


E, en proba de conformidade con canto antecede, asinan no lugar e data indicados.

Polo COPG
A Decana



María Rosa Álvarez Prada

Polo COLEF Galicia
O Presidente



Henrique Xoán Rodríguez Pantín



NOME: Oficial de Psicología de Galicia

POSTO:
Selo de Órgano

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
04/10/2021 E16128B21DEF734A4FB4285D008E8B0B0B4A629